



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Discursos Críticos e Procesos de Canonización		Código	613584123	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	GalegoPortugués				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es		
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es		
Web	http://www.udc.es/filo/mlcd				
Descrición xeral	Estudo dos principais elementos e discursos presentes na construción de comunidades culturais, así como dos medios, estratexias e procesos de construción e naturalización de ideas sobre a literatura, a cultura, a arte e a propia comunidade no ámbito galego-portugués.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Integrar os estudos literarios nun contexto intercultural máis extenso e que ultrapase os límites dunha única comunidade, atendendo nomeadamente á diversidade cultural do ámbito galego-portugués.	AM1		CM4
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.	AM8		
Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AI1		
Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM9		
Alargar o concepto de literatura e entendela en relación con outros campos culturais, utilizando ferramentas e tecnoloxías apropiadas para o seu estudo.	AM2 AM3		CM5
Analizar e interpretar tanto textos como mecanismos e procesos de comunicación aplicando diferentes modelos teóricos e ferramentas de análise.	AM5 AI3		
Adquirir a capacidade de utilizar ferramentas, tecnoloxías e recursos de investigación interdisciplinares para a súa aplicación á resolución de problemas en entornos diversos no ámbito dos estudos literarios e culturais.		BP1	CM2 CM6
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais	AI2		
Asumir a importancia e os beneficios sociais da aprendizaxe e coñecer os medios para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común		BP2 BP3 BP4 BP5	CM3
Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico e desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.			C11 C12
Recoñecer e analizar os factores que condicionan o exercicio da crítica e os procesos de canonización, especialmente os relativos ao poder político, ao xénero, ás linguas e ás identidades nacionais.	AM8 AM9	BP2 BP3	CM3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A crítica e a cultura	1.1. Función e posición da crítica nos sistemas culturais 1.2. Crítica, historiografía e teoría literaria/cultural
2. Campo da crítica e procesos de canonización	2.1. Estratexias de atribución de valor e creación de sentido 2.2. Discursos críticos, cánone, conflito e identidade 2.3. Alternativas críticas. Crítica nacionalista, crítica poscolonial e da subalternidade, crítica feminista, crítica LGTBIQ+.
3. Procesos de canonización no intersistema cultural galego-portugués	3.1. Criterios canonizadores 3.2. Estudos de caso (Galiza, Portugal, Brasil, PALOP)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A8 B5 B6 C4	4	0	4
Discusión dirixida	A2 A3 B7 B8 C3 C5	5	9	14
Traballos tutelados	A14 B4 C2 C6 C8	1	20	21
Lecturas	A13 A5 A9	1	20	21
Prácticas a través de TIC	A2	1	2	3
Seminario	A12 C7	3	8	11
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.
Traballos tutelados	Abordaxe de materiais bibliográficos sobre os asuntos obxecto de estudo (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio do seminario).
Lecturas	Realización e abordaxe analítica dunha serie de lecturas previamente seleccionadas polo docente relacionadas directamente cos contidos abordados no seminario.
Prácticas a través de TIC	Presentación e teste da aplicación de TIC ao estudo da crítica literaria e cultural.
Seminario	Traballo en grupo a partir da exposición oral ao conxunto da turma dos resultados dos traballos tutorizados e/ou dalgunha lectura das atribuídas polo profesor no inicio das sesións. Durante os seminarios, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o seminario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Seminario	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización dos Traballos Tutelados, das Lecturas e dos seminarios. De maneira xeral, recoméndase que cada alumno/a asista polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición das lecturas atribuídas.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro.</p> <p>A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (https://www.udc.es/cufie/ADI/), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da Facultade (pat.filoloxia@udc.gal).</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A14 B4 C2 C6 C8	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados na materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para estas actividades.	60
Lecturas	A13 A5 A9	Para alén da eventual presentación oral dalgunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no transcurso das outras presentacións, nos seminarios e nas discusións dirixidas.	25



Seminario	A12 C7	Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio dos conteúdos apresentados e comentados, así como a utilidade da discusión para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas intervencións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a eventual elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	15
-----------	--------	--	----

Observacións avaliación

As instrucións para o desenvolvemento das actividades propostas e os seus criterios específicos de avaliación serán oportunamente comunicados polo profesor responsábel a través do Moodle e expostos na sala de aulas.

Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e cos procedementos fixados no cronograma que o profesor fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle.

Para superar a materia será necesario obter como mínimo unha nota de 4 valores, sobre 10, nos traballos tutelados.

Recibirán a cualificación de non presentado os/as estudantes que non presenten ningunha das actividades incluídas no sistema de avaliación.

Na segunda oportunidade (convocatoria de xullo), o alumnado será avaliado co mesmo sistema previsto para a primeira oportunidade. Deberá realizar aquelas actividades non entregadas na primeira convocatoria, ou que non obtiveron como mínimo o 40% da nota máxima de cada actividade.

A data de entrega das actividades será anunciada polo profesor con antecedencia suficiente.

O alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica deberá contactar co profesor no inicio do cuadrimestre e terá o seguinte sistema de avaliación: traballo tutelado (60%) e lecturas (40%). O traballo tutelado versará sobre os mesmos temas e terá unha estrutura análoga á prevista para a primeira convocatoria. O alumnado con dificultades para asistir ás sesións presenciais deberá comunicalo ao profesor antes do inicio das aulas.

Unha vez comprobada a súa situación, poderá optar ás mesmas condicións de avaliación que o alumnado con dispensa académica.

Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. O alumnado deberá contactar co profesor antes do mes de novembro.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo/a mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4). A falta de honradez académica conlevará a cualificación de 0 na actividade concreta. A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da Facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Bourdieu, Pierre (1992). Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire. Paris: Éditions du Seuil - Casas, Arturo (coord.) (2004). Elementos de crítica literaria. Vigo: Xerais - Casas, Arturo (2021). Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico. Venezia: Edizioni Ca'Foscari (Accesíbel en: https://edizionicafoscarini.unive.it/it/edizioni4/) - Cunha, Carlos Manuel Ferreira (2002). A construção do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XIX. Braga: Universidade do Minho - Dalcastagnè, Regina (2012). Literatura brasileira contemporânea : um território contestado. Vinhedo, SP : Horizonte. - Even-Zohar, Itamar (2010). Papers in Culture Research. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (accesíbel en http://www.tau.ac.il/~itamarez) - Falconi, Jéssica (2021). Para além da Nação: outras ?decliNações? nas literaturas africanas. Abriu: Estudos De Textualidade Do Brasil, Galicia e Portugal, (10), 9?38. - Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia - George, João Pedro (2002). O meio literário português (1960/1998) prêmios literários, escritores e acontecimentos. Algés: Difel - González-Millán, Xoán (1995). Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega. Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994, 67-81. - Hooper, Kirsty (2011). Writing Galicia into the world : new cartographies, new poetics. Liverpool: Liverpool University Press - López López, Lorena (2022). Ainda invisíveis? Narradoras e margens na literatura galega contemporânea. Santiago de Compostela: Através Editora - Mata, Inocência (2010). Polifonias insulares : cultura e literatura de São Tomé e Príncipe. Lisboa: Edições Colibri - Nogueira, María Xesús (2020). Outros desejos, outras palavras. A representação de identidades sexuais não-normativas na literatura galega contemporânea. Daniel Amarelo (coord.). Nós, xs inadaptadxs. Representações, desejos e histórias LGBTIQ na Galiza. - Samartim, Roberto L.I. (2010). O proceso de construción do sistema literário galego entre o franquismo e a transición (1974-1978): margens, relacións, estrutura e estratégias de planificación cultural. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC - Sela-Sheffy, Rakefet (2002). ?Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production?. Neohelicon XXIX(2), 141-159 <p>* Outra bibliografía complementar poderá ser fornecida polo docente durante o cuadrimestre</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

